



## MEDIDAS DE ACTUACIÓN

### I Control Verán FGA “A Volta do Atletismo Galego” PONTEVEDRA 07/08/2020

O acceso a instalación realizarase pola entrada principal do CGTD, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

O acceso á grada principal realizarase a través do parking, pola súa cara esquerda, que estará debidamente marcada. A saída da grada se realizará a través das escaleiras entre a grada principal e a torre de fotofinish, circulando pola cara esquerda en sentido da saída. Non será posible circular en ningún momento en sentido contrario.

Autorizarase o acceso, unicamente, as/os atletas participantes, persoal federativo (organización, xuíces). Poderán solicitar acreditación ata ás 20:00 horas do 06/08/2020 os/as adestradores/as das/os atletas participantes así coma o pai/nai/titor dos atletas menores de idade, no seguinte ligazón: <https://forms.gle/nNduXZxc3exNsFdg8>

O anel que rodea a pista será de uso exclusivo para a circulación, estando unicamente habilitada a grada principal para o visionado da competición.

É obrigado por todos a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

É obrigado por todos/as os/as atletas entregar na recollida do dorsal en cámara de chamadas a Declaración Responsable, no seguinte ligazón: <https://atletismo.gal/wp-content/uploads/2020/07/Declaraci%C3%B3n-Responsable-ProtocoloFGA.pdf>

Na contra recta habilitarase a cámara de chamadas. Abrirase o portalón de acceso a rúa José Malvar para que os atletas poidan saír a quentar e ter un acceso directo á zona de cámara de chamadas. O acceso a cámara de chamadas dende a grada farase polo corredor entre a pista e o instituto do CGTD. Para abandonar a cámara de chamadas poderase transitar polo corredor entre a pista e o Multiusos do CGTD ou ben abandonado a instalación polo portalón cara a rúa José. Non se poderá circular en outra dirección.

O dorsal recollerase na cámara de chamadas no momento de acceso á mesma, intre no que deberá entregarse a declaración responsable sin a cal non se autorizará a participación.

Haberá líquido hixienizante no control de acceso á instalación e a grada, así coma na cámara de chamadas.



Lémbrese que, nas carreiras, as mascarillas coas que se entre a zona de competición serán destruídas e se entregará unha nova unha vez chegado o atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha mascarilla.

A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario e o persoal do CGTD; para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

Para o acceso ós baños seguirase o sentido de circulación pola grada, sendo preciso que se realice en todo momento unha circulación circular.

A entrega de artefactos para a súa homologación realizarase na sala de dirección técnica ata unha hora antes do comezo da proba.

O acceso a secretaría de competición será restrinxido, polo que calquera comunicación precisa realizarase a través da xanela.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

Para máis información, plano da instalación e a ligazón das medidas e actuación específica das especialidades atléticas: <http://atletismo.gal/wp-content/uploads/2020/08/Medidas-de-actuación-07082020.pdf>

